NUMERADO
ORACIÓNS
OCAIS

Serie A N.º 1176145

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO
8 DE XULLO DO 2002

SUMARIO

1.- RENUNCIA O SEU CARGO DE CONCELLEIRA DE DONA MARIA CARMEN RODRIGUEZ RIVAS

2.- SOLICITAR Á XUNTA ELECTORAL CENTRAL A EXPEDICION DA CREDENCIAL DE CONCELLEIRO DE DON JOSE GARCIA MIGUEZ

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as vinte horas trinta minutos do día **oito de xullo do ano dous mil dous**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde accidental, D. EMILIO GONZALEZ IGLESIAS, e a asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as: DONA Mª DEL PILAR MARTÍNEZ GONZÁLEZ, DONA Mª DEL CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D. MANUEL RAMÓN CONDE ROMERO,D. EMILIO SÁNCHEZ SANTORIO, D. JOSE LUIS ALONSO BASTOS, D. MANUEL PUENTES SAAVEDRA, D. LUIS MÍGUEZ BOULLOSA, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, D. XOSÉ LUIS GRANDE GRANDE e DONA ROSA COSTAS ESTÉVEZ , actuando como Secretaria Dª Ana Isabel del Cerro del Río, Secretaria da Corporación, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do día.

Non asisten: DON XAIME REI BARREIRO, DON M. JAVIER NUÑEZ SALGADO, DONA MARIA DEL CARMEN RODRIGUEZ RIVAS, DONA CECILIA PEREZ ORGE, DON SALVADOR PINTOS FERNANDEZ e DON PABLO REBANAL ALFAYA

1.-RENUNCIA O SEU CARGO DE CONCELLEIRA DE DONA MARIA CARMEN RODRIGUEZ RIVAS

Pola Presidencia dase conta da renuncia presentada o pasado 3 de Xullo do presente ano. En nome propio e de tódala Corporación agrade ce á concelleira saínte o traballo realizado.

Por unanimidade dos presentes e de conformidade co disposto no art. 9.4 do R.D. 2568/1986 de 28 de Novembro, o Pleno da Corporación toma coñecemento da renuncia presentada pola Concelleira do PSG-PSOE DONA MARIA DEL CARMEN RODRIGUEZ RIVAS.

2.- SOLICITAR DA XUNTA ELECTORAL CENTRAL A EXPEDICIÓN DA CREDENCIAL DE CONCELLEIRO DE DON JOSE GARCIA MIGUEZ.

Ó abeiro do art. 182 da Lei 5/85, de 19 de Xuño, Reguladora do Réximen Electoral Xeral, e de conformidade coa Instrucción da Xunta Electoral Central de 19 de

Xullo de 1991, pola que se dictan normas sobre sustitución de cargos representativos locais, en caso de vacante por pasamento, incapacidade ou renuncia, por unanimidade dos presentes o Pleno solicita a expedición da credencial de Concelleiro de DON JOSE GARCIA MIGUEZ, a quen lle corresponde atendendo a súa orde de colocación na lista do PSG-PSOE.

E, non habendo máis asuntos que tratar pola Presidencia dase por rematada a presente sesión sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos da data indicada no encabezamento, en proba de todo o que se extende a presente acta, que se inscribiu no Libro no folio cincuenta e oito e cincuenta e oito volta do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1176145, de todo o que como Secretaría do presente acto, dou fe.

O Alcalde, Acctal

A Secretaria

Asdo: Emilio González Iglesias

Asdo: Ana Isabel del Cerro del Río